

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DO ANEXO DA ORDENANZA DE TERRAZAS, PLAN DE
ORDENACIÓN ESTÉTICA*

ANUNCIO

Non téndose producido reclamacións ou alegacións ó acordo adoptado pola Corporación Municipal do 18 de setembro de 2018 sobre a aprobación inicial da modificación da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas de Hostalería na vía pública ou dominio público, incluíndo o anexo denominado “Plan de ordenación da estética das terrazas”, queda aprobada definitivamente dita modificación co seguinte texto:

*ANEXO Á ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA
NA VÍA PÚBLICA OU DOMINIO PÚBLICO, DENOMINADO “PLAN DE ORDENACIÓN DA ESTÉTICA
DAS TERRAZAS”*

Artigo 1. OBXECTO

O obxecto deste anexo é a regulación do tipo de infraestruturas e mobiliario urbano que vai ser permitido nas terrazas de veladores que ocupan a vía pública ou dominio público, ou en chan privado, cando sexan visibles desde a vía pública, para velar pola súa estética e mellorar a imaxe do concello, complementando así a regulación xa existente.

Tal e como se recolle nos artigos 3 e 11 da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas de hostalería na vía pública ou dominio público, e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, nos artigos 41 a 44, están sometidas a licenza ou autorización para poder proceder a súa instalación. Non existindo un dereito preexistente á obtención da licenza, pola simple concorrencia dos requisitos necesarios para que a ocupación poida ser autorizada.

Suxeitos obrigados a cumprir os novos criterios estéticos:

1. Terrazas xa existentes que se atopen en rúas que sexan rehumanizadas con posterioridade á obtención da licenza municipal de actividade.
2. Terrazas que obteñan a licenza municipal de actividade por primeira vez, con posterioridade á realización de obras de rehumanización das rúas nas que pretendan colocarse, mantendo así a sintonía coa reforma realizada.



3. Tamén quedarán suxeitas a esta normativa de uniformidade estética as licenzas que se outorguen con posterioridade á entrada en vigor deste anexo, independentemente da súa localización, sexan ou non espazos singulares.

Suxeitos exentos de cumprir estes novos requisitos pero que poden adaptarse a eles de xeito voluntario:

4. As terrazas xa existentes e autorizadas anteriormente á entrada en vigor deste anexo, que se atopen en rúas non humanizadas, poderán continuar a empregar o mobiliario que xa tiñan, aínda que, se o desexan, poderán cumprir os novos criterios de maneira voluntaria.

Artigo 2. DELIMITACIÓN DE PRAZAS E ZONAS SINGULARES

Este Plan de ordenación da estética das terrazas afectará especialmente as zonas rehumanizadas, ás prazas existentes e aos espazos singulares, así como a calquera outra zona destinada a terraza con nova licencia.

Serán considerados espazos singulares, especialmente as rúas que sexan rehumanizadas e as rúas onde a beirarrúa sexa igual ou superior a 4 metros, onde se deberá deixar un espazo libre para tránsito peonil de como mínimo, 1,80 metros.

Artigo 3. CRITERIOS DE DESEÑO PARA TODAS AS TERRAZAS

Ademais dos criterios recollidos no artigo 7.1 da Ordenanza, establécense as seguintes pautas de deseño, que rexerán unha identidade para todas as terrazas, polo que deberán axustarse a elas todas as solicitudes de ocupación de vía pública :

1.—Identidade e unidade de imaxe, que favorezan a creación de espazos unitarios desde o punto de vista formal, dotando os elementos que lle confiran un carácter propio e identificativo en relación co lugar no que se sitúan.

2.—Coherencia do conxunto, desenvolvendo un deseño coordinado os elementos que se implantan, buscando a simplificación destes e evitando a proliferación innecesaria de obxectos que creen unha imaxe desordenada, sexa de maneira visual e/ou formal.

Artigo 4. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DO MOBILIARIO URBANO PARA TODO TIPO DE TERRAZAS.

Non poderán colocarse no chan público mobiliario e elementos decorativos ou revestimentos de chan que non estean incluídos expresamente na licenza. Os toldos deberán suxeitarse mediante sistemas que garantan suficientemente a seguridade e, ademais, os titulares das licenzas teñen a obriga de atender todas as demais prescricións que se recollen no artigo 9 da Ordenanza.



Mércores, 27 de marzo de 2019

Núm. 60

O artigo 6 da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas de hostalería na vía pública ou dominio público estipula que, ao rematar o horario de funcionamento da terraza, e nun prazo máximo de 30 minutos, o titular da instalación deberá proceder a retirar da vía pública todo o mobiliario, agás o toldo, cando este estea autorizado.

Independentemente do mobiliario do que se trate, e tal e como se recolle no artigo 9.11 da Ordenanza, co obxectivo de minimizar o ruído das instalacións que sexan autorizadas na vía pública, as mesas, cadeiras, cadeas ou calquera elemento metálico que se empregue para agrupar excepcionalmente as instalacións, deberá estar calzado con material que garanta a súa insonorización na mobilidade destas.

1. Mesas e cadeiras

A. Prohíbese que as mesas e cadeiras que se empreguen nas terrazas teñan calquera tipo de publicidade, salvo o nome comercial do establecemento.

B. As mesas e cadeiras que se empreguen terán un deseño acorde co contorno e cumprirán o requisito de integrabilidade. O material que se poderá empregar será a madeira, a forxa, o ratán ou propileno imitando aos materiais anteriormente descritos, os cales se poderán combinar con aceiro ou aluminio. Non poderá ser, en ningún caso, de material plástico branco, agás que sexa imitando os materiais permitidos antes descritos.

2. Toldos e parasoles

A. Unicamente se permitirá publicidade de marcas comerciais na faldra dos toldos ou dos parasoles, tendo esta un tamaño máximo de 80x30cm. O nome comercial do establecemento poderá ter o tamaño que considere oportuno o propietario/a

B. No caso de que se pretenda a autorización de toldos e parasoles asociados á instalación de terraza, o interesado estará obrigado a que se respecten os seguintes criterios de cores segundo a localización destas:

- Espazos singulares: Cor verde, RAL 6025.
- Prazas: Cor branca, RAL 9010.
- Resto de rúas onde se permitan terrazas:
 - Cor amarelo RAL 1002
 - Cor crema RAL 1013
 - Cor terra RAL 1015
 - Cor azul RAL 5014,
 - Cores grises RAL 7034, RAL 7048
 - Cores verdes: RAL 6001, RAL 6010
 - Cor branco RAL 9010

C. Os elementos para dar sombra e que sexan instalados na fachada dunha edificación, terán que contar coa autorización expresa previa da comunidade de propietarios do inmovible.



Mércores, 27 de marzo de 2019

Núm. 60

3. Protección lateral que acouten o recinto de todas as terrazas agás as que se atopan sobre calzadas sobre zonas de aparcadoiro

No caso de que se queira facer o acoutamento da zona, terá que facerse mediante biombo, sobre estrutura de acero inox, aluminio natural ou aluminio lacado da cor do toldo ou parasol. Estes biombos delimitarán a zona autorizada e poderán ser de vidro laminado con espesor mínimo 6+6mm, de policarbonato ou metacrilato. En ningún caso superarán a altura máxima de 1.80 metros. Non se permitirán lonas para este tipo de cerramentos.

Os paneis empregados poderán ser totalmente transparentes ou ben translúcidos e poderán ter vinilos ou impresións con diferentes debuxos, sempre que deixen pasar a luz.

4. Outros elementos

Os carteis de menú e trípodes estarán permitidos sempre e cando estean situados dentro da terraza.

Artigo 5. CRITERIOS DE DISEÑO ESPECÍFICOS PARA AS TERRAZAS INSTALADAS EN CALZADAS SOBRE ZONAS DE APARCADOIRO

Este artigo unicamente recolle os criterios de deseño específicos para as terrazas instaladas en calzadas sobre zonas de aparcadoiro.

Estas instalacións teñen que cumprir con todo o aquí descrito e, ademais, cos puntos 1 e 4 do artigo 4 deste anexo.

1. Chan das terrazas instaladas en calzadas sobre zonas de aparcadoiro

O chan das terrazas situadas en calzadas sobre zonas de aparcadoiro poderá ser:

A. De tarima de lamas de madeira ou sintética, sendo esta continua sen deixar ocos entre lamas. Material antiesvaradío.

B. De pavimento sintético continuo, con acabado imitación madeira ou similar e antiesvaradío.

2. Protección lateral que acouten o recinto

As proteccións laterais que acouten o recinto terán que seguir os seguintes criterios.

Dende o pavimento interior da terraza, unha altura máxima de 1,20 metros permitindo os seguintes materiais:

A. De madeira, sempre que sexa de cor branca, estea tratada e deixe entre cada táboa un espazo de 10 cm.

A colocación das madeiras poderá ser ben, de xeito horizontal ou realizando outro tipo deseño, sempre que se cumpran os requisitos de seguridade.



Mércores, 27 de marzo de 2019

Núm. 60

B. De vidro laminado de seguridade, sobre estrutura de aceiro inox, aluminio natural ou aluminio pintado da cor do toldo ou parasol, contando cun espesor mínimo de 6+6mm, e non superando cada unidade de vidro os 3 m de longo.

Os vidros empregados poderán ser totalmente transparentes ou ben translúcidos. Poderán ter vinilos ou impresións con diferentes debuxos, sempre que deixen pasar a luz.

A partir da altura de 1,20 m ata ó máximo de tres metros, poderase dispor de lonas totalmente transparente ou vidro (neste último caso sempre e cando sexa movable).

Só está permitido a publicidade do nome comercial do local.

En tódolos supostos, terase que cubrir o espazo que queda libre entre o pavimento da terraza e a calzada.

3. Cuberta

A cuberta das terrazas instaladas en calzadas sobre zonas de aparcadoiro terá que cumprir as seguintes condicións:

- Ser impermeable.
- Ser a unha auga.
- Ter unha inclinación máxima do 5%, quedando a caída de cara á calzada para permitir a evacuación das augas pluviais, prevendo a recollida das augas pluviais cara o punto mais próximo á rede de sumidoiros municipal e sen que as augas invadan as beirarrúas.

Será obrigatorio manter unha distancia mínima de 1,20m de separación entre as cubertas das terrazas e ás edificacións.

Os materiais permitidos son, ademais dos anteriormente mencionados para á estrutura.

A. Panel sándwich liso, dun grosor de 3-4 cm.

B. Toldo horizontal de lona, impermeable, fixo ou de correr.

As cores permitidas para ás opcións A e B, son as seguintes:

Cor amarelo RAL 1002

Cor crema RAL 1013

Cor terra RAL 1015

Cor azul RAL 5014,

Cores grises RAL 7034, RAL 7048

Cor branco RAL 9010



Mércores, 27 de marzo de 2019

Núm. 60

Artigo 6. SOLICITUDES

O procedemento, así coma os requisitos, de concesión de licenzas é o regulado nos artigos 12 e seguintes da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas de hostalería na vía pública ou dominio público, en concordancia co recollido nos artigos 41 e seguintes da lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Artigo 7. INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE MOBILIARIO URBANO

No caso de que o obrigado a cumprir esta normativa non o faga de xeito voluntario, a autoridade municipal ordenará a retirada inmediata dos elementos que incumpran as condicións deste anexo e procederá a executala a Administración de forma subsidiaria e con cargo a aquel. As obrigas e prohibicións, así coma o réxime sancionador, están contemplados nos artigos 10, e do 15 ao 22 da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas de hostalería na vía pública ou dominio público.

Artigo 8. APLICACIÓN DESTE PLAN DE ORDENACIÓN

As determinacións contidas neste Plan anexo á Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas de hostalería na vía pública ou dominio público, serán de aplicación a partir da súa entrada en vigor.

Recursos.—Contra a presente disposición xeral os interesados poderán interpor recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Pontearreas, documento asinado electronicamente

